

MOCIÓN Nº2 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A APROBACIÓN DE MEDIDAS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DA ACTUAL ESCALADA DE PREZOS DE COMBUSTIBLES, GAS E ELECTRICIDADE .

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A suba dos prezos dos combustibles, do gas e da electricidade está a afectar a todo o tecido produtivo. Aínda que esta situación se vén sufrindo desde o pasado ano, as consecuencias da guerra en Ucraína non fixeron máis que agravar un problema que padecen empresas e cidadáns. Os custos enerxéticos dos particulares e dos autónomos aumentaron ata un 30%. Porén, mentres países como Francia ou Portugal xa realizaron rebaixas fiscais para aliviar aos autónomos e ás PEMES do seu país, España segue sen tomar medidas ao respecto.

Gandeiros, transportistas, industriais, hostaleiros e pequenos comercios do noso concello levan meses sufrindo o aumento dos custos enerxéticos e o seu consecuente impacto na economía. Un problema que se suma á inflación e a outras decisións do Goberno como o incremento das cotizacións á Seguridade Social. Unha suba de custos que desde hai máis dun ano freou a competitividade e a recuperación de autónomos e PEMES, tras a recente pandemia. "O Goberno ten que intervir no prezo da gasolina", explicaron desde o sector do transporte. "A electricidade subiu un 80%, a gasolina un 50% e o gas butano un 30%. É unha espiral de gastos que ninguén pode asumir", engaden os pequenos comercios.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que, ademais de esixirle ao Goberno de España a posta en marcha de medidas que aplaquen unha escalada de prezos que é previa á guerra, tamén desde o Concello se deben aprobar medidas para axudar ao noso tecido produtivo.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno de España á aprobación todas cantas medidas sexan necesarias para paliar o aumento dos prezos de combustibles gas e electricidade.

2. Consignar unha partida nos vindeiros orzamentos municipais encamiñada a levar a cabo un programa de axudas para autónomos e PEMES dirixida a aumentar a súa competitividade, favorecer a recuperación tras a pandemia do Covid-19 e paliar os efectos do incremento dos custes enerxéticos.

En Alfoz, a 20 de marzo de 2022



Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz